



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADOR REQUIRIDO.

### Data e hora de celebración:

2 de agosto de 2019, ás 12:30.

### Asistentes:

**Presidenta:** Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

### Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense.
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

**Secretaria:** M<sup>a</sup>. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

### Obxecto da sesión:

O obxecto desta sesión da Mesa de Contratación é comprobar a documentación requirida ao licitador que obtivo a maior puntuación na licitación (COVIASSTEC, S.L.). Á vista da documentación achegada polo licitador requirido, dentro do prazo de 10 días hábiles de acordo coa cláusula 17 dos PCAP, se comproba que:

#### 1. Capacidade de obrar.

Achega certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia acompañada da declaración responsable correspondente (Anexo IV). Correcto.

#### 2. Poderes.

Achega certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia acompañada da declaración responsable correspondente (Anexo IV). Correcto.

#### 3. Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Achega certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia acompañada da declaración responsable correspondente (Anexo IV).

A maiores presenta certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social, certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, certificado da Axencia Tributaria de Galicia, certificado de situación no censo de actividades económicas da Axencia Estatal de Administración Tributaria e declaración do representante da empresa de non estar dado de baixa na matrícula do IAE. Correcto.



#### **4. Disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir.**

Presenta declaración do representante da empresa.

Presenta en relación cos medios persoais que forman parte do seu persoal, a seguinte documentación:

- Declaración do representante da empresa dos medios persoais pertencentes á empresa adscritos á execución do contrato.
- Presenta o currículo, titulación e experiencia do persoal, agás o currículo e experiencia da fisioterapeuta (M.B.G.J.) e da auxiliar de clínica (M.E.L.G.).
- Documento TC2.

Presenta en relación cos medios persoais que non forman parte do seu persoal, a seguinte documentación:

- Compromiso asinado por ambas partes de que de resultar adxudicatario do contrato se incorporarán ao equipo de traballo.
- Non achega o currículo, formación e experiencia do persoal incluído neste apartado.

Ademais, no proxecto de xestión e explotación da residencia contido no sobre ou arquivo electrónico B, a empresa oferta un encargado de mantemento que formará parte do persoal do Centro, non constando na relación de persoal presentada unha persoa que teña o devandito perfil.

Emendar.

#### **5. Acreditación da constitución da garantía definitiva.**

Presenta declaración do representante da empresa.

Presenta certificado do representante da entidade financeira, de aprobación e tramitación de aval técnico a nome de Coviastec S.L. para responder da garantía definitiva e indefinida, non podendo entregar o documento dado que o único apoderado da empresa atópase fora de España.

Emendar. Considérase emendable conforme á doutrina establecida polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Resolucións nº 747/2018 ou nº 622/2019 entre outras) segundo a cal a garantía definitiva mediante aval queda constituída coa declaración de vontade da entidade financeira garante con anterioridade ao prazo establecido legalmente para elo, mentres que a falta de depósito debe considerarse como un defecto formal emendable.

#### **6. Solvencia económica e financeira.**

Presenta contas anuais do exercicio 2017 depositadas no Rexistro Mercantil cun importe neto de cifra de negocios no exercicio 2017 de 3.376.477,14 €, e no 2016 de 3.877.264,88 €. Tamén acompaña modelo 390 do exercicio 2018 da AEAT. Correcto.

#### **7. Solvencia profesional ou técnica.**

Presenta certificado asinado polo Alcalde do Concello de Esgos relativo á adxudicación do contrato de construción e explotación do complexo da Residencia da Terceira Idade no Concello de Esgos.



Emendar: Relación de servizos ou traballos de igual ou semellante natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso, de como máximo os tres últimos anos, nos que se faga constar importe (non se indica), data e destinatario. En caso de que este último sexa público, acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente. A este respecto de conformidade cos artigos 204 e 205 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

*"Artículo 204*

*Las certificaciones de todos los actos, resoluciones y acuerdos de los órganos de gobierno de la Entidad, así como las copias y certificados de los libros y documentos que en las distintas dependencias existan, se expedirán siempre por el Secretario, salvo precepto expreso que disponga otra cosa".*

*"Artículo 205*

*Las certificaciones se expedirán por orden del Presidente de la Corporación y con su visto bueno, para significar que el Secretario o funcionario que las expide y autoriza está en el ejercicio del cargo y que su firma es auténtica. Irán rubricadas al margen por el Jefe de la Unidad al que corresponda, llevarán el sello de la Corporación y se reintegrarán, en su caso, con arreglo a la respectiva Ordenanza de exacción, si existiere".*

Á vista do anterior a documentación presenta defectos ou omisións emendables, polo que a Mesa de Contratación acorda:

**Único.-** Conceder, conforme ao establecido na cláusula décimo séptima dos PCAP, a Coviastec S.L. un prazo de tres días hábiles aos efectos de que emende a seguinte documentación:

- Disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir.
- Acreditación da constitución da garantía definitiva.
- Solvencia profesional ou técnica.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, sendo as trece horas e quince minutos do día dous de agosto de dous mil dezanove.

**A Presidenta**

**A Secretaria**

MARIA ISABEL  
VASALLO GIL  
- 38118013K

Firmado digitalmente por  
MARIA ISABEL VASALLO  
GIL - 38118013K  
Fecha: 2019.08.06  
10:07:24 +02'00'

**Os Vogais**

36095940Q  
JAVIER MARTINEZ MARTINEZ (R: P32000008)  
(R: P32000008)

Firmado digitalmente por  
36095940Q JAVIER  
MARTINEZ (R: P32000008)  
Fecha: 2019.08.06 08:27:10  
+02'00'

JACOBO  
MANUEL  
RAYON CEDEIRA  
- 36138267T

Firmado digitalmente  
por JACOBO MANUEL  
RAYON CEDEIRA -  
36138267T  
Fecha: 2019.08.06  
09:56:39 +02'00'

